

COMITÉ TERRITORIAL DE COMPETICIÓN

ASISTENTES A LA REUNIÓN:

Presidente: D. Ismael Gómez Solla
Secretaria: D^a. M^a Luz Sanromán Roade

ACTA NÚMERO 2021/03

En Vigo, sendo o día 25 de Novembro de 2020, reunido o COMITÉ TERRITORIAL DE COMPETICIÓN nos locais Federación Galega de Balonman, na rúa C/ Fotógrafo Luis Ksado, 17 of.3, baixo a presidencia de D. ISMAEL GÓMEZ SOLLA e coa asistencia das persoas relacionadas ao marxe, para coñecer os incidentes acaecidos nos respectivos encontros e sobre os que se detallan as seguintes:

1. ACTA ANTERIOR

Lida a acta anterior nº 2021/02 queda aprobada por unanimidade.

Igualmente, analízanse as actas correspondentes aos encontros de competición oficial que se disputaron entre a reunión anterior e a presente e apróbanse os resultados que constan en cada unha delas con, no seu caso, as modificacións ou rectificacións que se acorden expresamente por parte do Comité na presente ou en subseguintes sesións.

2. OTROS ACUERDOS

- CLUB "ACD ASMUBAL MEAÑO | CLUBE DEPORTIVO BALONMAN CULLEREDO"

1ª AUTONÓMICA MASCULINA

PARTIDO: ASMUBAL MEAÑO - BM. CULLEREDO

Pechar a información aberta na acta nº 1 de data 16-11-20. Ante as alegacións presentadas por ambos clubs este Comité acorda que o Club Asmubal Meaño deberá aboar os gastos de desprazamento ao Club Bm. Culleredo por un importe de 357,94 €.

O club Asmubal Meaño deberán efectuar o pago antes do 02-12-20.

- CLUB "CLUBE BALONMAN TUI | BALONMAN S.D. SAMERTOLAMEU "

1ª AUTONÓMICA FEMININA

PARTIDO: BM. TUI - SD. SAMERTOLAMEU

Examinada a acta do Partido e valoradas as alegacións de ambas partes, e dos árbitros procede pechar o expediente sen modificar o resultado do encontro.



O Comité de Competición carece de competencia para rearbitrar un encontro, o que de ser así produciría unha evidente inseguridade xurídica á competición, ao ter que agardar á revisión de todos os encontros da xornada antes de validar o seu resultado ou calquera outra incidencia que se producira durante o desenvolvemento do partido, ben observada polos árbitros, ben omitida por estos.

Cuestión diferente, sería, que durante o transcurso do encontro, o clube samertolameu, a través dos seus oficiais, tivera posto de manifesto ao Anotador ou ós árbitros o erro na contaxe dos goles, o que necesariamente, de non ser atendido, debería facerse constar na acta, a cal, no caso que nos ocupa, foi asinada polo equipo visitante sen que non conste incidencia ou observación algunha ao respecto do resultado.

O feito de que o suposto gol subido ao marcador indebidamente, fóse no minuto 5 da primeira parte do encontro, implica que o Clube Samertolameu tivo 55 minutos para facer constar esa incidencia, o que no fixo. Polo tanto, invalidar neste intre, un gol subido ao marcador no minuto 5, desvirtuaría e adulteraría a totalidade do encontro e polo tanto a competición.

O art. 173 do Regulamento de Partidos e Competicións da Real Federación Española de Balonmán, sinala que "A sinatura do acta por parte dos responsables de ambos equipos implica a aceptación dos términos nos que está redactada"

O art. 179 do citado Regulamento, sinala que "O Comité Nacional de Competición non admitirá ou, no seu caso, non terá en consideración, aquelas alegacións ou impugnacións que se refiran a decisións arbitrais, de carácter disciplinario e/ou deportivo, que se adoptaran durante o encontro" No presente caso os dous Colexiados do encontro manifestan nas súas alegacións, que revisaron os goles coa mesa e coincidían polo que a decisión adoptada durante o encontro non pode ser modificada no presentE caso.

• **CLUB "C.D. BALONMAN CHAPELA | UNION BALONMAN LAVADORES"**

XUVENIL MASCULINO GRUPO 3

PARTIDO: UB. LAVADORES - BM. CHAPELA

Pechar a información aberta na acta nº 2 de data 19-11-20. Ante as alegacións presentadas por ambos clubs e os Colexiados do encontro dar por válido o resultado final do encontro.

3. EJECUCIÓN DE LAS RESOLUCIONES

En aplicación do disposto no parágrafo primeiro do artigo 108 do Regulamento de Réximen Disciplinario, as



resolucións incorporadas na presente acta son inmediatamente executivas dende o momento da súa notificación, sen que as reclamacións ou recursos que se poidan interpoñer contra as mesmas paralicen ou suspendan a súa execución, salvo que, de maneira expresa, acórdanse o contrario por parte do órgano competente.

4. RECURSOS

Contra as resolucións incluídas na presente acta, poderase interpoñer recurso ante o COMITÉ NACIONAL DE APELACIÓN, no PRAZO MÁXIMO DE DEZ DÍAS HÁBILES a contar dende o seguinte a súa notificación, e previo pago de TRINTA EUROS (30,00 €) en concepto de taxa pola interposición do recurso, que se abonará a través dos medios de pago previstos e cuxo xustificante deberá aportarse co escrito de recurso como requisito necesario para a súa admisión a trámite (artigos 109 e 111 do RRD).

E non habendo máis asuntos que tratar, pechouse a sesión na data indicada.

*O Presidente do
Comité Territorial Competición*

*A Secretaria do
Comité Territorial de Competición*

Ismael González Solla

Mª Luz Sanromán Roade

